



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Síndrome de Blau

Versión de 2016

3. VIDA COTIÁ

3.1 Como pode afectar a enfermidade á vida cotiá do neno e da súa familia?

O neno e a súa familia poden experimentar diversos problemas antes de que se diagnostique a enfermidade. Unha vez realizado o diagnóstico, o neno necesitará visitar os médicos (un reumatólogo pediátrico e un oftalmólogo) de forma regular para supervisar a actividade da enfermidade e axustar o tratamento médico. Os nenos cunha afectación articular complicada poden necesitar fisioterapia.

3.2 Que ocorre coa escola?

A evolución crónica da enfermidade pode interferir coa asistencia á escola e o rendemento académico. Un bo control da enfermidade é esencial para permitir a asistencia á escola. A información acerca da enfermidade na escola será útil, en especial para aconsellar sobre a actitude para tomar en caso de síntomas.

3.3 Que ocorre cos deportes?

Débase animar os pacientes con síndrome de Blau para que practiquen deportes, As limitacións dependerán do control da actividade da enfermidade.

3.4 Que ocorre coa dieta?

Non existe ningunha dieta específica. Con todo, os nenos que tomen

corticoesteroides deben evitar o exceso de comida doce e salgada.

3.5 Pode influír o clima na evolución da enfermidade?

Non.

3.6 Pode vacinarse ao neno?

Cando o neno se atope en tratamento con corticoesteroides, metotrexato ou inhibidores do TNF- α , o neno pode vacinarse excepto con vacinas atenuadas.

3.7 Que ocorre coa vida sexual, o embarazo e a anticoncepción?

Os pacientes con síndrome de Blau non presentan problemas de fertilidade como consecuencia da enfermidade. Se están a recibir tratamento con metotrexato, deben empregar métodos anticonceptivos adecuados, xa que o fármaco pode ter efectos secundarios sobre o feto. Non existen datos de seguridade en referencia aos inhibidores do TNF- α e o embarazo, de modo que as pacientes que desexen quedar embarazadas teñen que deixar de tomar estes medicamentos. Como regra xeral, é mellor planificar un embarazo e adaptar de antemán o tratamento, propoñendo un seguimento adaptado á enfermidade.